

GALICIA, ANO 2140.

No ano 2140, o mundo perdera gran diversidade cultural. As constantes guerras, conflitos e o abandono do uso de diferentes linguas provocou que a poboación mundial fora inculta e atopábase nunha depresión total.

Entre estas linguas perdidas encontrábase o galego: non había unha soa persoa na Terra que sopesse falar galego nin que coñecera unha soa obra literaria galega.

Pero un bo día recuperouse a esperanza.

Miguel era un neno de 13 anos que vivía en Galicia co seu pai e a súa nai. Ese día iba de camiño ao colexio (si, en 2140 os nenos seguen indo ao colexio, evidentemente) no seu patinete antigravitatorio cando viu unha bola de lume cruzando o ceo que caía próxima a el. Miguel achegouse a ela e recoñeceu o artefacto: era unha baliza de información que se utilizaba para mandar rexistros informáticos dende un satélite no espazo exterior. Pero aquela baliza era antiga, sobre o ano 2050. Miguel abriu a baliza e nela atopou un neurotransmisor, un aparello que transmitía a información dixital directamente ao cerebro humano. Miguel colocouse o neurotransmisor e de súpeto todo lle foi aclarado.

Miguel volveu a casa inmediatamente, descolocado pola información que acababa de adquirir. Entón contoulle aos seus pais o que aprendera.

No ano 2053, uns científicos galegos enviaron a baliza ao espazo co fin de preservar o idioma galego nela cando a gran perda da diversidade cultural que habían previsto sucedera, coa esperanza de que cando baixara a Terra outra vez alguén a atopara. Ademais outros científicos de outros países fixeran o mesmo para preservar as súas linguas, o que quería dicir que había máis balizas.

Aparte de iso, a baliza contiña o idioma enteiro polo que Miguel podía falalo con fluidez.

Os seus pais pensaban que estaba imaxinando pero Miguel levounos onde a baliza e eles tamén aprenderon galego.

Pronto, o mundo enteiro decatouse da existencia da baliza e todos aprenderon galego. Tamén atoparon as demais balizas e as fixeron baixar para aprender as linguas que se perderon.

Ao final, o mundo recuperara as súas linguas e todos eran felices grazas ao descubrimento de Miguel.

Luís Ferreiro Penado